

citado dentro dos tres meses posteriores á data en que finalizase a súa vixencia, segundo o establecido no número 2 do artigo 74 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

A validez desta solicitude de renovación para a inscrición como demandante de emprego será ata os tres meses seguintes da data de presentación da dita solicitude no rexistro do órgano competente para tramitalas ou ata a súa resolución.

3. Transcorrido o prazo de tres meses indicado no número anterior, se a solicitude non se resolveu, entenderase estimada de acordo co establecido no número 2 da disposición adicional primeira da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro e, por tanto, tamén se poderán inscribir como demandantes de emprego os titulares destas tarxetas caducadas xunto co certificado que acredite a renovación por este motivo.»

Tres. O número 1 do artigo 4 queda redactado como segue:

«1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen ningunha limitación, salvo a derivada da vixencia da propia autorización de residencia, os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia temporal que leven, polo menos, un ano en situación de residencia legal.

Para acceder á situación de residencia e traballo por conta allea, os ditos estranxeiros farano de conformidade co establecido no artigo 96.1 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, que habilita os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia que leven, polo menos, un ano en situación de residencia legal, a acceder á situación de residencia e traballo por conta allea cando o empregador, como suxeito lexitimado, presente solicitude de autorización para residir e traballar e se cumbran os requisitos do artigo 50, excepto as letras a) e f).»

Catro. O número 1 do artigo 5 queda redactado como segue:

«1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen ningunha limitación, salvo a derivada da vixencia da propia autorización de residencia, os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia temporal por teren sido reagrupados aínda que leven menos dun ano de residencia legal.

Para accederen á situación de residencia e traballo por conta allea, os ditos estranxeiros farano de conformidade co establecido no artigo 96.3 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, que habilita os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia temporal por teren sido reagrupados, aínda que leven menos dun ano en situación de residencia legal, a acceder á situación de residencia e traballo por conta allea cando o empregador, como suxeito lexitimado, presente solicitude de autorización para residir e traballar e se cumbran os requisitos do artigo 50, excepto as letras a) e f).»

Cinco. O número 1 do artigo 6 queda redactado como segue:

«1. Poderanse inscribir como demandantes de emprego para traballar por conta allea, sen nin-

gunha limitación, salvo a derivada da vixencia da propia autorización de residencia, os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais, por razóns humanitarias, por colaboración coas autoridades administrativas, policiais, fiscais ou xudiciais ou cando concorran razóns de interese público ou de seguraza nacional a que se refiren os números 4 e 5 do artigo 45 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Para accederen á situación de residencia e traballo por conta allea, os ditos estranxeiros farano de conformidade co establecido no parágrafo segundo do número 7 de dito artigo, que habilita os estranxeiros titulares desta autorización de residencia temporal a solicitar persoalmente e acceder a unha autorización para traballar, se cumpren os requisitos establecidos nas letras b), c), d), e e) do artigo 50. Non obstante, os requisitos a que se refire a letra c) do artigo 50 acreditaranse nos termos establecidos no número 3 do artigo 51 deste regulamento.»

Seis. O primeiro parágrafo do número 1 da disposición adicional segunda queda redactado como segue:

«1. Poderanse inscribir nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación os estranxeiros en situación de estadía ou de residencia que porten certificación expedida para tal fin polas oficinas de estranxeiros ou, en defecto destas, polas áreas ou dependencias de Traballo e Asuntos Sociais, cando acrediten que se encontran nalgún dos seguintes supostos:»

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de marzo de 2008. O ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera Sánchez-Capitán.

5158 *ORDE TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.* («BOE» 67, do 18-3-2008.)

O Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, recolle a formación de oferta, entendida como aquela que ten por obxecto facilitarlles aos traballadores, ocupados e desempregados, unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo que atenda aos requirimentos de competitividade das empresas, á vez que satisfaga as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos traballadores, capacitándoos para o desempeño cualificado das diferentes profesións e para o acceso ao emprego.

Esta orde desenvolve a devandita formación de oferta desde un primeiro e ambicioso obxectivo, o de integrar e dar un tratamento coherente e unitario a toda a formación de oferta que se dirixa ao conxunto de traballadores, que transcenda a visión estanca de, por un

lado, ocupados e, por outro, desempregados. Esa integración debe favorecer que os traballadores poidan optar, así mesmo, a un recoñecemento efectivo da formación que reciban na liña do que establece a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e dos reais decretos que a desenvolven.

Esta orde non só cumpre co obxectivo de desenvolver o real decreto no que se refire á formación de oferta, senón que regula as bases que deben rexer a concesión de subvencións públicas destinadas a financiar esa formación polas diferentes administracións públicas nos seus respectivos ámbitos de xestión. Así, recóllense as distintas modalidades de formación de oferta que se financiarán mediante subvencións públicas, diferenciando as que serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva daquelas que o serán de forma directa.

A orde contén unha regulación extensa daquelas modalidades formativas que se dirixen, quer prioritariamente aos traballadores ocupados, quer prioritariamente aos desempregados, de acordo coa propia distinción que se establece no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo. Tamén recolle aqueles programas específicos formativos para persoas que teñan especiais dificultades de inserción ou recualificación profesional e das persoas que se encontren en situación de privación de liberdade e dos militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñan unha relación de carácter temporal coas Forzas Armadas, e tamén contén a regulación daquelas accións formativas que inclúan compromisos de contratación.

Por outra parte, incorpórase ao texto unha regulación da realización de prácticas profesionais non laborais, a concesión de bolsas e axudas que se lles conceden aos traballadores desempregados que abarcan as relativas ao transporte, manutención e aloxamento, así como as que permiten conciliar a asistencia á formación coa vida familiar.

O texto recolle igualmente o acceso á formación dos cuidadores das persoas en situación de dependencia, de conformidade co Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos cuidadores das persoas en situación de dependencia, co fin de consolidar e impulsar este ámbito de atención prioritaria para os poderes públicos.

Ao Estado e ás comunidades autónomas correspóndelles, nos seus respectivos ámbitos de xestión, a aplicación do previsto nesta orde mediante as convocatorias de subvencións que publiquen nos seus respectivos territorios, respectando as competencias de xestión das comunidades autónomas, así como as súas propias competencias de autoorganización.

Esta orde, en canto que establece as bases reguladoras para a concesión das subvencións mediante as que se financian as diferentes modalidades da formación de oferta, regula todos aqueles aspectos que tanto a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, establecen o que debe reunir unha orde con estes caracteres. Nesa liña, establécese un conxunto de disposicións comúns para todas as subvencións que sexan concedidas en réxime de concorrencia competitiva polas diferentes administracións públicas, sen prexuízo da competencia de autoorganización que teñen recoñecida as comunidades autónomas. Neste sentido, inclúense todos os potenciais beneficiarios das subvencións que se concedan, entre os cales cabe destacar as diferentes organizacións empresariais e sindicais con maior representatividade, tanto nos ámbitos sectorial e intersectorial

como no que se refire á economía social e á formación dirixida ao colectivo de autónomos.

En coherencia co tratamento integral da formación de oferta, a orde regula o Ficheiro de especialidades formativas, previsto no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, que se estrutura de acordo coas familias profesionais establecidas no Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. O ficheiro incluírá o repertorio de certificados de profesionalidade vinculados ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, así como outras especialidades non vinculadas a estes certificados.

Así mesmo, regúlanse os rexistros dos centros e entidades de formación, tanto a nivel estatal como autonómico, así como os requisitos que deberán reunir para poder ser inscritos e acreditados.

Por último, a orde recolle un conxunto de medidas para que sexan desenvolvidas polas diferentes administracións públicas no que se refire á calidade e avaliación da formación, así como respecto do seguimento e control desta, actuacións que veñen enmarcadas nos plans anuais que se aproben ao respecto.

Esta orde dítase en desenvolvemento parcial do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, na disposición derradeira segunda do cal se habilita o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar cantas normas sexan necesarias para o seu desenvolvemento e execución.

No proceso de elaboración desta orde foron consultadas as organizacións empresariais e sindicais presentes na Comisión Tripartita de Formación Continua, informada a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais e emitiu informe a Avogacía do Estado no Departamento, así como a Intervención Delegada da Intervención Xeral do Estado no Servizo Público de Emprego Estatal.

Na súa virtude, logo de aprobación da ministra de Administracións Públicas, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ministerial ten por obxecto o desenvolvemento da formación de oferta prevista no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, así como o establecemento das bases que regulan a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

A formación de oferta ten por finalidade ofrecerlles aos traballadores, tanto ocupados como desempregados, unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo que atenda aos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e ás aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos traballadores. Así mesmo, dirixese a lles proporcionar aos traballadores unha formación que os capacite para o desempeño cualificado das distintas profesións e o acceso ao emprego, promovendo a realización de itinerarios integrados de formación para a inserción profesional e favorecendo que os traballadores poidan optar a un recoñecemento efectivo da formación que reciban.

2. O ámbito de aplicación desta orde ministerial esténdese a todo o territorio estatal.

Artigo 2. *Modalidades da formación de oferta subvencionadas.*

1. As modalidades da formación de oferta financiadas mediante subvencións públicas, concedidas ao abeiro desta orde, son as seguintes:

a) Os plans de formación dirixidos prioritariamente aos traballadores ocupados, regulados na sección 2.^a do capítulo II.

b) As accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores desempregados, reguladas na sección 3.^a do capítulo II.

c) Os programas específicos para a formación de persoas con necesidades formativas especiais ou que teñan dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional, regulados no artigo 22.

d) A formación profesional para o emprego das persoas en situación de privación de liberdade e dos militares profesionais de tropa e mariñeira que manteñen unha relación de carácter temporal coas Forzas Armadas, regulada no artigo 23.

e) A programación de accións formativas que inclúan compromisos de contratación dirixidos prioritariamente a desempregados, prevista no artigo 21.

2. Así mesmo, serán obxecto de financiamento ao abeiro desta orde as compensacións económicas a empresas por prácticas profesionais non laborais dos traballadores participantes nestas e as axudas e bolsas a traballadores desempregados que participen nas accións formativas, reguladas no capítulo III desta orde.

Artigo 3. *Requisitos dos beneficiarios.*

1. Sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos de actuación, serán beneficiarios das subvencións destinadas ao financiamento dos plans de formación dirixidos prioritariamente aos traballadores ocupados as organizacións empresariais e sindicais máis representativas e as representativas no correspondente sector de actividade, así como os entes paritarios creados ou amparados no marco da negociación colectiva sectorial estatal, a que se refiren os números 2 e 3 do artigo 24 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.

Así mesmo, serán beneficiarios das subvencións destinadas á execución de plans de formación intersectoriais para a formación dirixida especificamente aos colectivos de traballadores e socios da economía social, sempre que acheguen actividade económica, as confederacións e federacións de cooperativas e/ou sociedades laborais e as organizacións representativas da economía social de carácter intersectorial, todas elas con suficiente implantación no correspondente ámbito territorial.

Respecto ás subvencións destinadas á execución de plans de formación intersectoriais para a formación dirixida especificamente ao colectivo de autónomos, serán beneficiarios as asociacións representativas de autónomos de carácter intersectorial, así como as organizacións consideradas no artigo 21.5 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo. En todo caso, terán prioridade as asociacións representativas de autónomos que teñan maior implantación no respectivo ámbito territorial.

As convocatorias, no marco da normativa aplicable, establecerán as condicións e forma de acreditación do previsto nos parágrafos anteriores.

2. Poderán ser beneficiarios das subvencións destinadas ás accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores desempregados as organizacións empresariais e sindicais, centros e entidades previstos no artigo 9.1 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo. Cando as accións formativas inclúan compromisos de contratación, as subvencións poderánselles conceder ás empresas, ás súas asociacións ou a outras entidades que subscriban o citado compromiso de contratación.

Así mesmo, as empresas que faciliten a realización de prácticas profesionais non laborais poderán ser beneficiarias das compensacións económicas previstas no artigo 24.

3. Os traballadores desempregados que participen nas modalidades de formación previstas no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, e nesta orde poderán ser beneficiarios das bolsas e axudas nos termos sinalados no capítulo III.

4. Poderán ser beneficiarios das subvencións destinadas a programas específicos para a formación de persoas con necesidades formativas especiais ou que teñan dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional as entidades que se determinen na normativa reguladora dos citados programas en función dos obxectivos e contido da actividade formativa. Na execución destes programas poderase impulsar, nos termos que se establezan nesa normativa, a participación das administracións locais e doutras institucións públicas ou entidades sen ánimo de lucro que teñan entre os seus fins a formación ou inserción profesional dos colectivos de traballadores a que se dirixen estes programas.

5. Ademais dos beneficiarios sinalados nos números anteriores, os membros asociados do beneficiario que se comprometan a executar a totalidade ou parte da actividade que fundamenta a concesión da subvención en nome e por conta deste poderán ter igualmente a consideración de beneficiarios.

6. Poderán ter, así mesmo, a condición de beneficiarios as agrupacións formadas polas organizacións ou entidades previstas no número 1 deste artigo e as formadas por estas e por entidades vinculadas a estas que teñan entre os seus fins o desenvolvemento de actividades formativas. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación.

7. Non poderán obter a condición de beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde as entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 4. *Obrigas dos beneficiarios.*

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, e nesta orde, constitúen obrigas dos beneficiarios:

a) Achegar a información e documentación que se requira durante a fase de instrución do procedemento, execución da formación e xustificación da subvención, así como ter á disposición dos órganos de control competentes os documentos acreditativos da asistencia dos traballadores ás accións formativas.

b) Garantir a gratuidade das accións formativas para os participantes na formación subvencionada.

c) Ter realizado ou, se é o caso, garantido as devolucións de cantidades concedidas e pagadas en convocatorias anteriores e cuxa devolución lle fose exixida mediante reclamación previa á vía executiva ou mediante

resolución de procedencia de reintegro, salvo que se produxese a suspensión do acto.

d) Comunicarlle á Administración competente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. Estes ingresos serán incompatibles coa subvención destinada á mesma finalidade, polo que esta será minorada na cantidade xa percibida.

e) Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión da subvención e a realizarse o seu pagamento, que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine nas convocatorias, sen prexuízo do previsto no artigo 22.4 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

f) Facer constar, nos termos que establezan as convocatorias, o carácter público do financiamento da actividade subvencionada e, se é o caso, o cofinanciamento do Fondo Social Europeo. Neste último suposto, a entidade beneficiaria deberá incluír nas actividades de información das accións formativas, publicacións, material didáctico e acreditacións da realización da formación que se lles entregue aos participantes o emblema do Fondo Social Europeo.

g) Remitirlle ao órgano competente unha comunicación de inicio da formación que vai desenvolver, incluída calquera modificación posterior, e, se é o caso, a comunicación de finalización, conforme o contido, prazos e procedemento que para tal efecto establezan as convocatorias. A falta de comunicación nos prazos establecidos implicará que a correspondente acción formativa ou grupo de participantes se considere non realizada para efectos da xustificación da subvención, salvo que a non-comunicación en prazo se deba a causas imprevistas, debidamente xustificadas e comunicadas no momento en que se produzan.

h) Cumprir coas demais obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, no non previsto expresamente neste artigo.

O beneficiario non resultará exonerado das obrigas anteriormente mencionadas se o desenvolvemento da formación se contrata con terceiras persoas físicas ou xurídicas.

Artigo 5. *Destinatarios da formación.*

1. Nos plans de formación dirixidos prioritariamente aos traballadores ocupados, a participación destes será polo menos do 60 por cento respecto do total de traballadores que inician a formación. Nas accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores desempregados, a participación destes deberá alcanzar polo menos a citada porcentaxe. As administracións públicas competentes poderán establecer, dentro dos límites indicados anteriormente, porcentaxes distintas de participación.

Para tal efecto, a consideración como traballadores ocupados ou desempregados virá determinada pola situación laboral en que se encontren ao inicio da formación. Non será obxecto de minoración económica o cambio de situación laboral do traballador que se produza a partir da solicitude da súa participación na acción formativa, sempre que non se superen os límites porcentuais sinalados no parágrafo anterior.

2. De conformidade co artigo 5.1.b) do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, modificado pola disposición derradeira terceira do Real decreto 615/2007, do 11 de

maio, polo que se regula a Seguridade Social dos coidadores das persoas en situación de dependencia, os coidadores non profesionais poderán participar na formación de oferta sectorial de referencia nos ámbitos de servizos de atención ás persoas dependentes e desenvolvemento da promoción da autonomía persoal, centros e servizos de atención a persoas con discapacidade, acción e intervención social e sanidade.

3. Nos plans de formación dirixidos prioritariamente aos traballadores ocupados que teñan carácter intersectorial poderán participar traballadores das administracións públicas sempre que non superen o 10 por cento do total de participantes de cada plan de formación.

Artigo 6. *Colectivos prioritarios e medidas activas no marco da Estratexia Europea para o Emprego.*

1. Co fin de garantir o acceso á formación de traballadores con maior dificultade de mantemento no mercado de traballo, as convocatorias deberán prever entre os colectivos prioritarios a que fai referencia o artigo 5.3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo menos, as mulleres, as persoas con discapacidade e os traballadores de baixa cualificación. Así mesmo, no suposto de que a formación subvencionada estea cofinanciada con fondos comunitarios, as convocatorias incluírán as contías e os conceptos cofinanciados polo Fondo Social Europeo desagregados, se é o caso, por prioridades e zonas de programación.

2. Poderán financiarse accións ou módulos formativos cunha duración mínima de catro horas cando se trate de formación de carácter transversal en áreas que se consideren prioritarias tanto no marco da Estratexia Europea para o Emprego e do Sistema Nacional de Emprego como nas directrices establecidas pola Unión Europea. Esta formación terá prioridade na valoración das solicitudes e poderá desenvolverse dentro dunha determinada acción formativa ou ben de forma separada.

En todo caso, son áreas prioritarias as relativas a tecnoloxías da información e a comunicación, a prevención de riscos laborais, a sensibilización en ambiente, a promoción da igualdade, a orientación profesional e aquelas outras que estableza a Administración competente.

Artigo 7. *Ficheiro de especialidades formativas.*

1. O ficheiro de especialidades formativas previsto no artigo 20.3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, conterà a oferta formativa que se desenvolva ao abeiro do mencionado real decreto e desta orde.

As especialidades formativas que conforman este ficheiro encadraranse nas familias profesionais establecidas no Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, e no Real decreto 1416/2005, do 25 de novembro, que o modifica, así como naquelas outras que se poidan incorporar ao ficheiro para encadrar a formación de carácter transversal ou complementaria.

2. O ficheiro incluírá o repertorio de certificados de profesionalidade vinculados ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, así como outras especialidades non vinculadas a estes certificados segundo o previsto neste número.

As especialidades formativas dirixidas á obtención dos certificados de profesionalidade terán a duración establecida na normativa reguladora destes. Co fin de

favorecer a súa acreditación parcial acumulable, reducir os riscos de abandonos e posibilitarlle ao traballador que avance no seu itinerario formativo calquera que sexa a súa situación laboral en cada momento, poderanse programar accións formativas que estean constituídas polos módulos de formación correspondentes a unha ou varias das unidades de competencia que integran o certificado de profesionalidade ou por unidades formativas de menor duración, nos termos que estableza a normativa reguladora dos certificados de profesionalidade.

As especialidades formativas non dirixidas á obtención dos certificados de profesionalidade terán unha duración adecuada á súa finalidade, en función dos contidos, do colectivo destinatario, da modalidade de impartición e doutros criterios obxectivos.

A información para cada unha das especialidades previstas no ficheiro incluírá polo menos o código, denominación, duración, modalidade de impartición e módulo económico, así como o referente normativo no caso de tratarse de especialidades formativas dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade.

3. É competencia do Servizo Público de Emprego Estatal desenvolver e manter permanentemente actualizado o ficheiro de especialidades formativas. As altas e as modificacións que se efectúen neste realizaranse de oficio ou logo de solicitude das comunidades autónomas, acompañada de informe motivado das necesidades de formación, en relación co mercado de traballo e do correspondente programa formativo. As baixas no ficheiro, así como a denegación da mencionada solicitude, efectuaranse mediante resolución do director xeral do citado organismo ou da persoa en quen delegue. Non se poderá iniciar a formación respecto daquelas especialidades que se encontren en situación de baixa. O Servizo Público de Emprego Estatal notificaralles ás comunidades autónomas a data en que unha especialidade causará baixa no ficheiro. Esa notificación realizarase cunha antelación mínima de nove meses respecto á data efectiva de baixa desa especialidade.

Así mesmo, realizarase de oficio, logo de validación polo Servizo Público de Emprego Estatal, a inclusión no ficheiro daquelas especialidades que, non estando incorporadas a el, sexan incluídas no marco dos contratos para a formación, as programacións que inclúan compromisos de contratación e os convenios para a execución de plans de formación. A inscrición dos citados convenios no rexistro a que alude a disposición adicional sétima comportará a solicitude de inclusión no ficheiro das novas especialidades formativas contidas no plan de formación obxecto do correspondente convenio.

4 Mediante resolución do director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal determinarase o procedemento para a inclusión no ficheiro de novas especialidades formativas.

Artigo 8. *Acreditación da formación.*

1. A formación dirixida á obtención de certificados de profesionalidade acreditarase de acordo co establecido na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, no artigo 11.1 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, e na normativa reguladora da expedición dos certificados de profesionalidade.

As administracións públicas competentes garantirán, a través dos centros facultados para estes efectos e, en particular, a través dos centros integrados de formación profesional, que nos seus respectivos ámbitos a oferta

formativa inclúa a formación correspondente aos certificados de profesionalidade que aquelas determinen tendo en conta as necesidades formativas demandadas polas empresas e os traballadores neses ámbitos.

2. Cando a formación non vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade, deberáselle entregar a cada participante o certificado de asistencia ou diploma a que fai referencia o artigo 11.2 do citado real decreto, en que como mínimo se farán constar a denominación da acción formativa, os contidos formativos, a modalidade de impartición, duración e período de impartición.

A expedición e entrega ou remisión aos participantes dos certificados e diplomas a que se fai mención neste número realizarase de acordo co que estableza a Administración pública competente.

CAPÍTULO II

Modalidades de desenvolvemento da formación de oferta

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓNS COMÚNS AO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

Artigo 9. *Réxime e inicio do procedemento de concesión.*

1. A concesión de subvencións realizarase de conformidade co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro. O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, salvo nos supostos de concesión directa considerados na citada lei.

O procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva iniciarase de oficio, mediante convocatoria pública realizada polo director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal ou órgano competente da respectiva comunidade autónoma, que será publicada no diario oficial correspondente.

A convocatoria realizarase de acordo coas bases reguladoras establecidas nesta orde e co contido sinalado no artigo 23.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. Excepcionalmente, de conformidade co establecido no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, cando as circunstancias concorrentes o aconsellen, poderase prever o rateo do importe global máximo destinado ás subvencións entre os beneficiarios.

Así mesmo, poderanse establecer os termos en que o crédito orzamentario non aplicado pola renuncia á subvención dalgún dos beneficiarios poida ser utilizado polo órgano concedente para acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes a aquel, segundo a orde da súa puntuación.

Artigo 10. *Solicitudes.*

As solicitudes de concesión de subvencións dirixiránse ao director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal ou ao órgano competente da comunidade autónoma, segundo o ámbito da convocatoria.

O lugar e prazo de presentación das solicitudes, así como a documentación que o interesado deberá presentar con estas, establecerase nas convocatorias.

Artigo 11. *Instrución do procedemento de concesión.*

1. O órgano instrutor designado na convocatoria realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación

dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Unha vez avaliadas as solicitudes, o órgano colexiado previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, emitirá un informe en que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional e/ou definitiva de acordo co procedemento establecido no artigo 24 da citada lei. Poderase prever a concesión dun prazo máximo de 10 días para que os interesados presenten a súa aceptación ante a proposta de resolución definitiva.

2. Cando o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, poderase instar do beneficiario a reformulación da súa solicitude nos termos establecidos no artigo 27 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 12. *Criterios para o outorgamento da subvención e a súa cuantificación.*

1. Serán obxecto de financiamento as solicitudes que respecten, polo menos, os seguintes criterios:

a) Adecuación da oferta formativa ás necesidades do ámbito ou do sector de actividade a que vai dirixida. Na formación sectorial observarase o establecido no artigo 24.1 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.

b) Capacidade acreditada da entidade solicitante para desenvolver a formación.

c) Obtención da valoración técnica que se estableza na metodoloxía aprobada pola Administración pública competente.

2. A contía da subvención calcularase de acordo coa metodoloxía que estableza a Administración pública competente, tendo en conta, polo menos, o orzamento destinado ao financiamento da actividade formativa, a valoración técnica obtida, os módulos económicos máximos establecidos no anexo I desta orde e o volume da actividade formativa cofinanciada polo Fondo Social Europeo.

A contía máxima de subvención que se conceda por cada acción formativa determinarase mediante o produto do número de horas desta polo número de alumnos e polo importe do módulo correspondente.

3. Para os efectos de determinar a subvención unha vez executada a formación, nas accións presenciais considerarase que un alumno finalizou a formación cando asistise, polo menos, ao 75 por cento da duración da acción formativa. Así mesmo, nas accións formativas impartidas mediante a modalidade a distancia convencional ou teleformación considerarase que finalizaron a acción aqueles alumnos que realizasen polo menos o 75 por cento dos controis periódicos de seguimento da súa aprendizaxe ao longo desta.

De se produciren abandonos de traballadores durante o primeiro cuarto de duración da acción formativa, poderanse incorporar outros traballadores á formación no lugar daqueles. De os abandonos teren lugar con posterioridade ao mencionado período, admitiranse desviacións por acción de ata un 15 por cento do número de participantes que as tivesen iniciado.

No suposto de traballadores desempregados, considerarase que finalizaron a acción formativa aqueles que a tivesen que abandonar por atoparen emprego, sempre que realizasen a porcentaxe da actividade formativa establecida pola Administración pública competente. En caso de que tal previsión non se estableza, a mencio-

nada porcentaxe será, polo menos, do 25 por cento da actividade formativa.

Artigo 13. *Resolución.*

1. Á vista da proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento. No ámbito da Administración xeral do Estado, o órgano competente para resolver será o director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal. No ámbito autonómico, resolverá o órgano que determinen as convocatorias.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os seis meses, contados desde a data de publicación da convocatoria, salvo que esta pospoña os seus efectos a unha data posterior. Unha vez transcorrido ese prazo sen terse notificado resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

Na resolución de concesión identificarase a parte da subvención cofinanciada polo Fondo Social Europeo. A esa resolución engadiranse, cando se trate dos plans de formación previstos na sección 2.^a do capítulo II, o convenio suscrito entre o órgano competente e a entidade beneficiaria, así como o correspondente plan de formación.

2. Unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación cando afecte o contido da actividade subvencionada, a forma ou os prazos da súa execución ou de xustificación dos correspondentes gastos. Esa modificación deberá fundamentarse suficientemente e formularse con carácter inmediato, en todo caso, con anterioridade ao momento en que finalice o prazo de execución da actividade subvencionada.

As solicitudes de modificación someteranse aos órganos competentes para a instrución do procedemento de concesión, logo de informe do órgano colexiado previsto no artigo 11.1 e serán resoltas polo órgano que ditou a resolución de concesión. En todo caso, a modificación só se poderá autorizar se non dana dereitos de terceiros.

Cando se trate de modificacións que afecten o número de participantes que estea previsto formar ou a modalidade de impartición da formación que se vaia realizar, poderanse autorizar sempre que non se alteren os criterios de prioridade establecidos e non supoñan minoración da valoración técnica respecto da que se tería obtido se se tivesen en conta na solicitude inicial.

O órgano competente deberá ditar unha resolución en que acepte ou denegue a modificación proposta no prazo dun mes desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Unha vez transcorrido o citado prazo sen terse notificado resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

Artigo 14. *Pagamento da subvención.*

1. O pagamento da subvención quedará condicionado a que as entidades beneficiarias acrediten, segundo o previsto no artigo 4.e), que están ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, salvo que se acredite que esas débedas se encontran apazadas, fraccionadas ou cando se acordase a súa suspensión. Non se poderá realizar o pagamento da subvención cando a entidade sexa debedora por resolución firme de procedencia de reintegro.

2. Poderase prever o pagamento anticipado das subvencións na contía, forma e, se é o caso, coas garan-

tías que establezan as administracións públicas competentes.

En ningún caso se poderán realizar pagamentos anticipados a beneficiarios nos supostos previstos no número 4, parágrafo terceiro, do artigo 34 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 15. *Xustificación da subvención.*

1. O beneficiario deberá xustificar a realización da actividade formativa subvencionada, así como os gastos xerados por esa actividade. Para iso, deberá ter en conta o establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, así como os custos subvencionables e os criterios de imputación establecidos no anexo II desta orde.

2. No prazo máximo de tres meses tras a finalización da formación, o beneficiario deberá presentar ante o órgano que determinen as convocatorias e conforme as instrucións e impresos normalizados que se establezan nelas:

a) A documentación xustificativa da realización da formación, con especificación de cada acción formativa realizada da cal se tivese comunicado o inicio no momento oportuno.

b) A conta xustificativa coa estrutura e alcance que corresponda en función da forma que se determine nas convocatorias de entre as previstas na sección 2.^a do capítulo II do título II do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

De a conta xustificativa adoptar a forma prevista na subsección 1.^a da citada sección 2.^a «conta xustificativa con achega de xustificantes de gastos», as convocatorias poderán prever o estampillado dos xustificantes orixinais e a súa substitución por fotocopias compulsadas. Así mesmo, as convocatorias poderán establecer o método segundo o cal o órgano concedente da subvención levará a cabo a comprobación da xustificación documental da subvención.

c) A acreditación de ter ingresado o importe correspondente á diferenza entre a cantidade xustificada e a recibida en concepto de anticipo, se é o caso.

Transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención sen que se presentase a documentación a que se refire este número, o órgano competente requirirá o beneficiario para que no prazo improrrogable de 15 días a presente. A falta de presentación da xustificación, transcorrido este novo prazo, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención ou o inicio do procedemento de reintegro previsto no artigo 37.

En todo caso, se a documentación presentada fose insuficiente para considerar correctamente xustificada a subvención concedida, o órgano competente porá en coñecemento dos beneficiarios as insuficiencias observadas para que no prazo de 10 días sexan corrixidas.

3. Cando as actividades formativas fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

4. O beneficiario da subvención estará obrigado a conservar, durante un prazo de catro anos, salvo que as convocatorias establezan un prazo diferente, os xustificantes da realización da actividade que fundamenta a concesión da subvención, así como da aplicación dos fondos recibidos. O citado prazo computarase a partir do momento en que finalice o período establecido para presentar esa xustificación por parte do beneficiario. No suposto de accións cofinanciadas con fondos comunita-

rios, aplicarase a este respecto o que estableza a normativa comunitaria.

As entidades que, sen ter transcorrido o citado período, decidan suspender a súa actividade ou disolverse, deberán remitirle copia desa documentación ao órgano competente.

5. Unha vez presentada a documentación sinalada no número 2 deste artigo, o órgano que establezan as convocatorias realizará a correspondente comprobación técnico-económica.

Se, como resultado da citada comprobación, se deduce que o custo subvencionable foi inferior á subvención concedida ou que se incumpriron, total ou parcialmente, requisitos establecidos na normativa aplicable para a xustificación da subvención ou os fins para os cales foi concedida esta, comunicaráse tal circunstancia ao interesado xunto cos resultados da comprobación técnico-económica e iniciárase o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobramento da subvención ou, se é o caso, o procedemento de reintegro total ou parcial da subvención previsto no artigo 37.

SECCIÓN 2.^a PLANS DE FORMACIÓN DIRIXIDOS PRIORITARIAMENTE AOS TRABALLADORES OCUPADOS

Artigo 16. *Tipos e contido dos plans de formación.*

1. Os plans de formación dirixidos prioritariamente aos traballadores ocupados poderán ser intersectoriais e sectoriais.

Os plans de formación intersectoriais estarán compostos por accións formativas dirixidas á adquisición de competencias transversais a varios sectores da actividade económica ou de competencias específicas dun sector para a reciclaxe e recualificación de traballadores doutros sectores, incluída a formación dirixida á capacitación para a realización de funcións propias da representación legal dos traballadores.

Os plans de formación sectoriais comporanse de accións formativas dirixidas á formación de traballadores dun sector produtivo concreto, co fin de desenvolver accións formativas de interese xeral para ese sector e satisfacer necesidades específicas de formación deste. As accións específicas programadas neste tipo de plans tamén se poderán dirixir á reciclaxe e recualificación de traballadores procedentes de sectores en situación de crise.

2. Os plans de formación deberán conter, polo menos, a seguinte información:

- a) Ámbito de aplicación do plan.
- b) Obxectivos e contidos.
- c) Accións formativas que se van desenvolver, con indicación, se é o caso, das vinculadas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e, dentro destas, a que certificado ou certificados de profesionalidade van dirixidas.
- d) Colectivos destinatarios, desagregados polos colectivos prioritarios que determine a Administración pública competente.
- e) Custo previsto das accións formativas.
- f) Instalacións e medios previstos para impartir as accións formativas.

3. A duración dos plans de formación poderá ser anual ou plurianual segundo o que estableza ao respecto a Administración pública competente.

4. Nos plans de formación dirixidos prioritariamente aos traballadores ocupados serán destinatarios das accións formativas os traballadores que ao inicio da acción formativa estean en situación de ocupados, de-

sempregados ou sexan traballadores agrarios, de acordo co previsto no artigo 5.

Para participar nas accións formativas, os traballadores cubrirán a solicitude que estableza a Administración pública competente.

Artigo 17. *Execución dos plans de formación.*

1. A execución dos plans de formación dirixidos prioritariamente aos traballadores ocupados levarase a cabo mediante convenios subscritos entre as organizacións ou entidades beneficiarias sinaladas no artigo 3.1 e o órgano competente da Administración estatal ou autonómica.

2. A entidade beneficiaria poderá subcontratar parcial ou totalmente, por unha soa vez e nos termos establecidos nesta orde, a realización da actividade formativa. A contratación de persoal docente para a impartición da formación subvencionada por parte do beneficiario non se considerará subcontratación.

O beneficiario deberá contar con medios propios para as funcións de programación e coordinación do plan de formación, asumindo, en todo caso, a responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración pública, debendo asegurar, tanto aquela como o subcontratista, o desenvolvemento satisfactorio das funcións dos organismos de seguimento e control.

3. A autorización previa do órgano concedente a que fan referencia os números 3 e 7.d) do artigo 29 da Lei 38/2005, do 17 de novembro, relativos á subcontratación, poderase realizar de forma expresa na resolución de concesión da subvención ou, se é o caso, no convenio subscrito para a execución da actividade formativa, ou ben mediante resolución posterior emitida no prazo de 15 días contados desde a solicitude da autorización. Entenderase outorgada a autorización cando transcorra o citado prazo sen pronunciamento do órgano concedente.

4. Para os efectos do previsto no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, considerarase que o beneficiario cumpriu o alí establecido cando xustifique de modo razoado que a elección do provedor responde a criterios de eficacia e economía, tendo en conta o plan de formación que se pretende realizar e o ámbito en que este se desenvolve, tal como determina a disposición adicional quinta da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

5. O beneficiario da subvención dará a coñecer as accións formativas que promova entre as empresas e os traballadores a que vai dirixida a formación, co fin de que os traballadores que o desexen poidan exercer o seu dereito á formación.

6. O beneficiario deberá remitirle ao órgano competente as comunicacións relativas ao inicio e, se é o caso, finalización da formación previstas no artigo 4.g) desta orde. Nesas comunicacións reflectirase a situación laboral, ocupado ou desempregado, que acrediten os traballadores ao inicio da formación.

7. A Administración poderá proceder á suspensión cautelar dunha acción formativa cando se observen anomalías que repercutan no desenvolvemento normal da impartición da formación.

SECCIÓN 3.^a ACCIÓNS FORMATIVAS DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE AOS TRABALLADORES DESEMPREGADOS

Artigo 18. *Tipos de accións formativas.*

1. Serán subvencionables, nos seus respectivos ámbitos, as seguintes accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores desempregados:

a) Accións formativas reguladas no artigo 25 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, cuxa execución se realizará mediante convocatoria do órgano competente de cada comunidade autónoma de acordo coas bases que nesta orde se establecen.

Respecto dos ámbitos territoriais que non asumiron o traspaso de competencias sobre a xestión da formación profesional ocupacional, a execución realizarase mediante convocatoria do Servizo Público de Emprego Estatal, de acordo co establecido na disposición transitoria segunda da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, de acordo coas bases reguladoras que se establecen nesta orde.

b) Accións formativas que inclúan compromisos de contratación segundo o previsto nos artigos 22.1.d) e 23.2.d) do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, subvencionadas en réxime de concesión directa segundo o establecido no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional.

2. A programación e execución das accións formativas poderá ser anual ou plurianual segundo o que establezan ao respecto as convocatorias.

Artigo 19. *Solicitude, selección e obrigas dos participantes.*

1. Os traballadores que participen nas accións formativas que se oferten deberán, ao inicio da formación, figurar inscritos como desempregados ou traballadores agrarios nos servizos públicos de emprego, ou ben, no caso dos traballadores ocupados, presentar a correspondente solicitude. Esta solicitude poderá presentarse ante as entidades que desenvolvan a actividade formativa, que llo comunicarán ao Servizo Público de Emprego competente mediante o procedemento que este estableza.

2. Os servizos públicos de emprego realizarán unha preselección entre os traballadores previstos no número anterior de acordo cos obxectivos fixados na planificación, as características das accións formativas incluídas na programación, as necesidades de formación dos traballadores e o principio de igualdade de oportunidades entre ambos os sexos.

A Administración pública competente poderá determinar que a selección definitiva dos traballadores que participen nas accións formativas sexa realizada polos responsables de impartir a formación.

No caso de que os traballadores seleccionados sexan desempregados, os centros e entidades responsables de impartir a formación deberán comunicarlle de maneira inmediata ao Servizo Público de Emprego que efectuou a preselección as renuncias, non-presentacións e abandonos das accións formativas por parte dos traballadores, con indicación das causas de tales circunstancias.

As comunicacións das altas e baixas dos alumnos seleccionados polos servizos públicos de emprego das administracións autonómicas realizaranse en tempo real por medios telemáticos ao Servizo Público de Emprego Estatal.

3. Os traballadores deberán asistir e seguir con aproveitamento as accións formativas en que participen. Constituirá causa de exclusión destes incorrer en máis de tres faltas de asistencia non xustificadas ao mes. Con independencia do anterior, poderanse prever outras causas de exclusión.

Artigo 20. *Execución das accións formativas.*

Será de aplicación á execución das accións formativas reguladas nesta sección o establecido no artigo 17, números 3, 4, 5, 6 e 7, sen prexuízo do disposto no seguinte parágrafo.

A execución desas accións será realizada directamente polo beneficiario cando este sexa un centro ou entidade de formación, sen que poida subcontratala con terceiros. Para estes efectos, a contratación do persoal docente para a impartición da formación subvencionada por parte do beneficiario non se considerará subcontratación.

SECCIÓN 4.^a OUTRAS MODALIDADES DE DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN DE OFERTA

Artigo 21. *Accións formativas con compromiso de contratación.*

1. As subvencións públicas destinadas a financiar as programacións de accións formativas que inclúan compromisos de contratación concederanse de forma directa, segundo o procedemento establecido no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo.

A concesión de subvencións a empresas, as súas asociacións ou outras entidades que adquiran compromisos de contratación dirixidos prioritariamente a traballadores desempregados preverán o ámbito xeográfico e as áreas formativas da correspondente programación, así como os procedementos para as propostas de programación, selección de traballadores, xestión e seguimento das accións. En todo caso, figurará o compromiso en termos cuantitativos dos traballadores que se van formar e incluírá mecanismos obxectivos de control de calidade da formación impartida.

A entidade beneficiaria poderá subcontratar parcial ou totalmente, por unha soa vez e nos termos establecidos nesta orde, a realización da actividade formativa. A contratación de persoal docente para a impartición da formación subvencionada por parte do beneficiario non se considerará subcontratación.

2. O compromiso de contratación establecerase sobre unha porcentaxe do total de traballadores formados, en función das circunstancias das empresas e do mercado local de emprego. Tal compromiso non poderá ser inferior ao 60 por cento de traballadores formados.

Os contratos de traballo que se realicen como consecuencia do compromiso serán preferentemente de carácter indefinido ou, noutro caso, dunha duración non inferior a seis meses e serán conformes coa normativa laboral vixente; deberanse presentar ante o órgano concedente da subvención no momento da súa xustificación.

O incumprimento do compromiso de contratación dará lugar á obriga do reintegro total ou parcial da subvención percibida e do xuro de demora correspondente desde o seu aboamento de conformidade co establecido no artigo 37.1, salvo que medien causas ou circunstancias que, apreciadas pola Administración pública competente, impidisen o seu cumprimento.

Artigo 22. *Programas específicos.*

De conformidade co establecido nos artigos 22.1, letra b), e 23.2, letra c) do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, a Administración estatal e as autonómicas poderán establecer, nos seus respectivos ámbitos de xestión, programas específicos para a formación de persoas con necesidades formativas especiais ou que teñan dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional.

Poderán ser beneficiarios das subvencións públicas destinadas a financiar a execución destes programas específicos os que se determinen en cada un deles, impulsándose, en todo caso, a participación das entidades sinaladas no artigo 3.4 desta orde.

Artigo 23. *Formación da poboación reclusa e dos militares profesionais de tropa e mariñeiría.*

A formación profesional para o emprego das persoas en situación de privación de liberdade e dos militares de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de carácter temporal coas Forzas Armadas rexerase polos convenios que, para o efecto, se establezan entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a través do Servizo Público de Emprego Estatal, e os ministerios de Interior e Defensa, respectivamente.

Será de aplicación aos convenios que se subscriban co Ministerio de Defensa o procedemento establecido no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo.

Así mesmo, de conformidade co artigo 22.2, letra a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, será de aplicación o réxime de concesión directa ás subvencións que se lle concedan ao Ministerio do Interior para a formación da poboación reclusa.

CAPÍTULO III

Prácticas profesionais non laborais en empresas e réxime de bolsas e axudas a desempregados

Artigo 24. *Prácticas profesionais non laborais.*

1. As administracións públicas competentes promoverán as prácticas profesionais non laborais nas empresas dos traballadores desempregados tendo en conta a súa adecuación ao territorio onde se realicen e ao mercado de traballo correspondente a este.

Antes do comezo das prácticas poranse en coñecemento dos representantes legais dos traballadores nas empresas os acordos ou convenios que se subscriban para o efecto, así como unha relación dos participantes naquelas.

As prácticas poderán ter lugar, ben simultaneamente á realización da acción formativa ou unha vez finalizada cando se superase esta cunha avaliación positiva.

As administracións públicas competentes en materia de formación profesional para o emprego promoverán a realización de prácticas en empresas como parte de itinerarios integrados de formación para a inserción laboral.

2. As administracións públicas competentes poderán destinar ata un máximo de 6 euros por alumno e hora de prácticas para compensar a realización destas nos termos e condicións que aquelas determinen. Esta compensación outorgarase mediante concesión directa polo órgano estatal ou autonómico competente, segundo o réxime establecido no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo.

A xustificación da realización das prácticas realizárase ante a Administración competente segundo os termos do convenio ou acordo subscrito para o efecto.

3. Os traballadores terán cuberto o risco de accidente derivado da asistencia ás prácticas en empresas e poderán ter dereito ás bolsas e/ou axudas reguladas nos artigos 25, 26 e 27 desta orde.

4. No suposto de prácticas en empresas que se realicen como consecuencia do desenvolvemento de programas internacionais, observárase o disposto nos acordos ou convenios subscritos con organismos da Unión Europea ou internacionais.

A formación que se desenvolva mediante as prácticas profesionais en empresas a que se refire este número deberá seguirse de acordo cun programa formativo de actividades e de avaliación destas fixado coa empresa. Ese programa incluírá criterios de avaliación, observables e medibles das citadas prácticas.

Artigo 25. *Bolsas.*

1. Poderán percibir a bolsa prevista neste artigo as persoas desempregadas con discapacidade que participen nas modalidades de formación previstas nesta orde, os alumnos dos programas públicos de emprego-formación regulados pola súa normativa específica e determinados colectivos de desempregados que participen en itinerarios de formación profesional personalizados, no marco dos programas específicos previstos no artigo 22 desta orde.

As persoas discapacitadas que soliciten a concesión destas bolsas deberán acreditar a súa discapacidade mediante certificación emitida polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO), ou polo servizo correspondente da comunidade autónoma.

2. A bolsa terá a contía sinalada no anexo III desta orde.

Artigo 26. *Axudas de transporte, manutención e aloxamento.*

1. Os traballadores desempregados que asistan ás modalidades de formación previstas nesta orde terán dereito a unha axuda de transporte público.

Os traballadores desempregados que utilicen a rede de transportes públicos urbanos para asistir á formación terán dereito a percibir unha axuda cuxo importe se establece no anexo III. No caso de que sexa precisa a utilización de transporte público para o desprazamento interurbano ou interinsular, a Administración pública competente para o aboamento da axuda determinará a súa contía e sistema de xustificación.

Cando non exista medio de transporte público entre o domicilio do alumno e o do centro ou este transporte non teña un horario regular que permita compatibilizalo co da acción formativa, poderase ter dereito á axuda en concepto de transporte en vehículo propio. Esta circunstancia será apreciada polo órgano competente para o aboamento da axuda.

No caso de traballadores desempregados que se teñan que desprazar a outros países, a axuda de transporte incluírá o importe do billete en clase económica dos desprazamentos inicial e final.

2. Terase dereito á axuda de manutención cando o horario de impartición sexa de mañá e tarde e a Administración pública competente así o estableza, por razón da distancia e outras circunstancias obxectivas.

3. Terase dereito á axuda por aloxamento e manutención cando, pola rede de transportes existente, os desprazamentos non se poidan efectuar diariamente

antes e despois das clases. A concorrencia desta última circunstancia será apreciada polo órgano da Administración pública competente para o aboamento da axuda.

O gasto real de aloxamento xustificárase por medio do contrato de arrendamento, factura de hospedaxe ou calquera outro medio documental acreditativo.

4. Cando se trate de accións formativas a distancia, estas axudas só se percibirán cando os traballadores desempregados deban trasladarse a sesións formativas presenciais.

5. A contía das axudas serán as establecidas no anexo III desta orde.

6. As axudas para suplir gastos de transporte, manutención e aloxamento previstas neste artigo non se computarán como renda para efectos do indicado no artigo 215.3.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Artigo 27. *Axudas á conciliación.*

1. As axudas previstas neste artigo teñen por obxecto permitirles ás persoas desempregadas conciliar a súa asistencia á formación co coidado de fillos menores de seis anos ou de familiares dependentes ata o segundo grao, sempre que ao inicio da acción formativa cumpran os requisitos seguintes:

a. Non ter rexeitado ofertas de traballo adecuadas nin terse negado a participar en actividades de promoción, formación ou reconversión profesional no prazo dun mes desde que se esgotase o subsidio por desemprego ou a prestación contributiva.

b. Carecer de rendas de calquera clase superiores ao 75 por cento do «Indicador público de renda de efectos múltiples» (IPREM). Entenderase cumprido este requisito sempre que a suma das rendas de todos os integrantes da unidade familiar, incluído o solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen non supere o 75 por cento do IPREM. Para estes efectos, computará como renda o importe dos salarios sociais, as rendas mínimas de inserción ou as axudas análogas de asistencia social concedidas polas comunidades autónomas.

2. Para efectos desta axuda á conciliación, o traballador desempregado deberá presentar a documentación acreditativa que estableza a Administración pública competente.

3. A contía da axuda á conciliación recollida neste artigo será a establecida no anexo III desta orde.

Artigo 28. *Solicitud e concesión das bolsas e axudas.*

1. Poderán solicitar as bolsas e axudas a que se refire este capítulo os traballadores desempregados que participen nas modalidades de formación previstas nesta orde. A xestión e o aboamento destas bolsas e axudas corresponderalles ao Servizo Público de Emprego Estatal e aos órganos competentes das comunidades autónomas, segundo os seus respectivos ámbitos. A súa concesión realizarase de forma directa, segundo o procedemento establecido no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, logo de solicitude do alumno.

As entidades beneficiarias colaborarán na xestión destas bolsas e axudas nos termos que establezan as convocatorias.

2. As administracións competentes establecerán, nos seus respectivos ámbitos, os prazos de solicitude e concesión das bolsas e axudas previstas nesta orde.

3. Constituirá causa de perda do dereito a percibir as axudas e bolsas incorrer en máis de tres faltas de asistencia non xustificadas ao mes en cada acción formativa. En todo caso, non se terá dereito a percibir as axudas de transporte e de manutención que correspondan aos días en que non se asista á acción formativa.

CAPÍTULO IV

Centros e entidades de formación

Artigo 29. *Rexistro dos centros e entidades de formación.*

1. Os centros e entidades de formación mencionados no artigo 9.1 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, poderán impartir a formación de oferta regulada no citado real decreto cando se encontren inscritos e, se é o caso, acreditados no rexistro da Administración pública competente no territorio en que radiquen.

2. Co fin de manter permanentemente actualizado o Rexistro Estatal de Centros e Entidades de Formación, o Servizo Público de Emprego Estatal e as comunidades autónomas establecerán, a través do Sistema de Información dos servizos públicos de emprego previsto no artigo 7.2.c) da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, unha estrutura común de datos para a acreditación e/ou inscrición dos centros, así como os mecanismos de coordinación entre o citado rexistro estatal e os rexistros autonómicos, garantíndose, en todo caso, que a transmisión da información entre tales rexistros se realice en tempo real.

3. O Servizo Público de Emprego Estatal inscribirá no rexistro estatal os centros de formación a distancia e os centros móbiles cando, en ambos os casos, a súa actuación formativa se desenvolva en máis dunha comunidade autónoma.

Artigo 30. *Requisitos dos centros e entidades de formación.*

1. Os centros e entidades de formación a que alude o artigo 9.1.d) do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, que impartan formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade deberán cumprir, por cada especialidade formativa que impartan para a súa acreditación, polo menos:

- a) Os requisitos establecidos nos reais decretos reguladores de cada certificado de profesionalidade.
- b) Dispor dos espazos, instalacións e recursos requiridos nos programas formativos asociados a cada un dos certificados de profesionalidade.

2. Os centros e entidades de formación a que alude o número 1.e) do artigo 9 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, que impartan formación non conducente á obtención dos certificados de profesionalidade deberán cumprir, por cada especialidade formativa que impartan para a súa inscrición, polo menos:

- a) Os requisitos, instalacións e espazos que se establezan no correspondente programa formativo da especialidade incluída no ficheiro previsto no artigo 7 desta orde.
- b) Compromiso de dispoñibilidade de persoal docente, experto e con experiencia na especialidade formativa.

3. Así mesmo, todos os centros, independentemente da formación que impartan, deberán dispor dos

espazos e instalacións comúns adecuados para os seus traballadores e profesores.

4. Aquelas entidades que polas características dos requirimentos de instalacións da parte práctica da formación non dispoñan destas poden inscribirse como centros e entidades de formación sempre que acrediten o correspondente compromiso de dispoñibilidade delas.

5. De acordo coa lexislación aplicable en materia de promoción da accesibilidade e eliminación de barreiras promoverase a acreditación e inscrición de centros que dispoñan das condicións apropiadas para o acceso, a circulación e a comunicación das persoas con discapacidade.

6. As administracións laborais competentes poderán exixir requisitos adicionais e fixar os criterios para a validación do cumprimento dos requisitos mínimos para a inscrición.

7. O procedemento para a resolución das solicitudes de acreditación e inscrición no correspondente rexistro establecerase a respectiva Administración pública competente.

Artigo 31. *Obrigas dos centros e entidades de formación.*

Son obrigas dos centros e entidades que impartan formación para o emprego, ademais das que poidan ter como beneficiarios das subvencións previstas nesta orde, as seguintes:

- a) Manter as instalacións e a estrutura de medios, sobre a base das cales se produciu a súa inscrición, e adaptalas aos requisitos mínimos que en cada momento se exixan para cada especialidade acreditada ou inscrita.
- b) Colaborar nos procesos para a selección de alumnos e para a súa inserción no mercado de traballo, na forma que determine a Administración laboral competente.
- c) Solicitar autorización expresa para manter a inscrición como centro ou entidade de formación acreditado cando se produza un cambio de titularidade ou de forma xurídica do centro.

Artigo 32. *Baixas no rexistro de centros, entidades de formación e as súas especialidades formativas.*

1. A Administración pública competente, logo de trámite de audiencia, ditará resolución pola que se acorde a baixa no correspondente rexistro do centro ou entidade de formación cando incumpra algunha das obrigas sinaladas no artigo anterior.

2. Así mesmo, con aviso previo cunha antelación mínima de tres meses, poderase dar de baixa algunha especialidade formativa do centro ou entidade de formación cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Falta de mantemento das exixencias técnico-pedagóxicas e de equipamento tidas en conta para a acreditación ou inscrición da especialidade.
- b) Falta de superación dos mínimos de calidade da formación e, se é o caso, dos resultados de inserción profesional dos traballadores, determinados pola Administración competente.

3. As resolucións a que fan referencia os números anteriores porán fin á vía administrativa.

CAPÍTULO V

Calidade, avaliación, seguimento e controlArtigo 33. *Calidade e avaliación da formación.*

1. De acordo co establecido nos artigos 16 e 17 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, e nos artigos 36 e 37 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, as administracións competentes promoverán e garantirán a calidade das ofertas de formación para o emprego e levarán a cabo un seguimento e avaliación das accións formativas con obxecto de asegurar a súa eficacia e adecuación permanente ás necesidades do mercado de traballo.

2. O Servizo Público de Emprego Estatal, co apoio técnico da Fundación Tripartita para a Formación no Emprego, e os órganos competentes das comunidades autónomas avaliarán, nos seus respectivos ámbitos de xestión, entre outros aspectos, o impacto da formación realizada no acceso e mantemento do emprego, así como na mellora da empregabilidade dos traballadores, a eficacia do sistema en canto ao alcance da formación e a adecuación das accións ás necesidades do mercado laboral e das empresas, así como a eficiencia dos recursos económicos e medios empregados.

3. Sen prexuízo da avaliación prevista no número anterior, o Servizo Público de Emprego Estatal, cos órganos ou entidades correspondentes das comunidades autónomas, elaborará e executará un plan de avaliación anual que permita valorar a calidade, eficacia, eficiencia e impacto do conxunto do subsistema de formación profesional para o emprego e identificar os aspectos susceptibles de mellora.

En relación coa formación de oferta, o citado plan de avaliación, que se someterá a informe do órgano de participación previsto no artigo 33 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, terá en conta unha serie de obxectivos, criterios e indicadores referidos á planificación das accións, á execución destas e aos resultados obtidos da formación, tendo en conta as avaliacións da calidade realizadas polos centros impartidores, os participantes nas accións, as entidades responsables de executar a formación, así como a información recollida a través dos procesos de control e seguimento.

4. Así mesmo, o Servizo Público de Emprego Estatal e os órganos competentes das comunidades autónomas fomentarán e garantirán a implantación de sistemas e dispositivos de mellora continua da calidade nos centros que impartan as accións formativas a través da avaliación da calidade. Para medir a calidade, as administracións públicas competentes fixarán criterios e indicadores de acordo co «cuestionario de avaliación de calidade», cuxo contido mínimo se determinará tendo en conta as propostas das comunidades autónomas. Este cuestionario publicárase mediante resolución do director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal.

Os propios centros e entidades impartidoras colaborarán na avaliación da formación que executen.

5. As entidades responsables de executar os plans de formación regulados no capítulo II desta orde deberán realizar unha avaliación e control da calidade da formación que executen. Os beneficiarios deberán destinar a esa finalidade ata un 5 por cento da subvención concedida. As convocatorias determinarán os criterios e indicadores básicos da citada avaliación. Estas actuacións de avaliación e control deberán cubrir unha mostra representativa de polo menos o 5 por cento dos grupos de formación que se impartan.

Artigo 34. *Perfeccionamento técnico de formadores.*

1. Co fin de mellorar a calidade da formación profesional para o emprego desenvolveranse programas para complementar a formación teórica, subministrar unha formación inicial didáctica ou facilitar a actualización técnico-pedagóxica do profesorado e dos expertos docentes que imparten formación profesional para o emprego, favorecendo a aplicación de técnicas e procesos innovadores.

Para tal efecto, o Servizo Público de Emprego Estatal establecerá anualmente un plan de perfeccionamento técnico de formadores, cuxa elaboración e execución se realizarán de conformidade co establecido no artigo 36.3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.

2. Na elaboración do citado plan anual terase en conta a detección de necesidades de perfeccionamento e actualización técnico-pedagóxica dos formadores, a identificación das novas tendencias de formación profesional, así como as propostas dos centros de referencia nacional no marco da familia profesional en que desenvolvan a súa actividade.

3. A nivel estatal, o financiamento e execución do plan de perfeccionamento técnico corresponde ao Servizo Público de Emprego Estatal, que realizará a oferta anual de cursos, a publicación da convocatoria e a selección dos participantes. A impartición, o seguimento e a avaliación corresponden aos centros de referencia nacional.

Artigo 35. *Plan de seguimento e control.*

1. Co fin de racionalizar esforzos e unificar criterios nas actuacións de seguimento e control que se leven a cabo, o Servizo Público de Emprego Estatal e os órganos competentes das comunidades autónomas elaborarán, no marco do programa anual de traballo do Sistema Nacional de Emprego, un plan de seguimento e control da formación de oferta, así como o respectivo informe sobre a súa execución.

As actuacións de seguimento e control que se programen no citado plan, realizadas mediante as visitas in situ e ex post sinaladas no artigo 36, deberán cubrir, polo menos, o 5 por cento dos recursos públicos destinados a cada modalidade de formación de oferta, sen prexuízo das actuacións que poidan realizar os órganos de fiscalización e control a que se refire o artigo 38.2 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.

2. O Servizo Público de Emprego Estatal proporcionará información do citado plan anual aos diferentes órganos de fiscalización e control que teñan atribuídas tales competencias no ámbito estatal, co obxecto de promover a realización integral e coordinada das diferentes actuacións de seguimento e control que se leven a cabo nese ámbito. Do mesmo modo poderán proceder os órganos competentes das comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos.

3. Na programación anual de obxectivos para a acción inspectora efectuada no marco dos convenios de colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social determinarase o alcance e o contido do control que deberá realizar a citada inspección.

Artigo 36. *Actuacións de seguimento e control.*

1. Actuacións in situ.—Comprenderán o seguimento da actividade formativa no lugar da súa impartición e durante a realización desta, a través de evidencias físicas e testemuños recollidos mediante entrevistas aos responsables de formación, alumnos e formadores, co fin

de realizar unha comprobación sobre a execución da actividade formativa, contidos desta, número real de participantes, instalacións e medios pedagóxicos. No marco destas actuacións poderanse realizar requirimentos para a corrección das irregularidades detectadas.

No caso de formación cuxo proceso de aprendizaxe se desenvolva a través de formación a distancia convencional ou mediante teleformación, as entidades con que se concerte a impartición da formación deberán facilitar, por pedimento dos órganos de control, a información e os instrumentos técnicos necesarios para o exercicio da función de control.

2. Actuacións ex post.—Realizaranse unha vez finalizada a execución das accións formativas subvencionadas a través de evidencias físicas co fin de comprobar, entre outros, os seguintes extremos:

Execución da acción formativa.

Número real de participantes.

Entrega aos participantes do diploma ou certificado de formación e, se é o caso, a inclusión nel do emblema do Fondo Social Europeo.

Documentación xustificativa dos custos de formación, a súa contabilización, así como da materialización do pagamento con anterioridade á xustificación da subvención, tendo en conta os requisitos establecidos pola normativa española e, se é o caso, a comunitaria respecto do cofinanciamento do Fondo Social Europeo.

Nas accións executadas mediante as modalidades de teleformación, a distancia convencional ou mixta realizárase unha comprobación adicional das entregas de material, dos controis de seguimento e das probas que comporte o ensino programado, así como a verificación dos soportes didácticos e da asistencia tutorial.

3. As administracións públicas competentes poderán realizar outras actuacións de seguimento e control que consideren necesarias no ámbito das súas competencias.

4. Así mesmo, as administracións públicas competentes realizarán actuacións específicas de seguimento e control por mor de denuncias ou da existencia de indicios de fraude ou irregularidades na execución da actividade formativa financiada ao abeiro desta orde.

Artigo 37. *Incumprimentos e reintegros.*

1. O incumprimento dos requisitos establecidos nesta orde e demais normas aplicables, así como das condicións que se establecesen na correspondente resolución de concesión ou, se é o caso, convenio ou acordo de colaboración, dará lugar á perda total ou parcial do dereito ao cobramento da subvención ou, tras o oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida e os xuros de demora correspondentes.

2. A gradación dos posibles incumprimentos a que se fai referencia no número anterior determinarase de acordo cos seguintes criterios:

a) No suposto de incumprimento total:

O incumprimento total dos fins para que se concedeu a subvención ou da obriga de xustificación desta dará lugar ao reintegro do 100 por cento da subvención concedida. Igualmente, considerarase que concorre o incumprimento total se a realización da actividade subvencionada non alcanza o 35 por cento dos seus obxectivos, medidos co indicador de número de horas de formación multiplicado por número de alumnos formados.

b) No suposto de incumprimento parcial:

O incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a subvención ou da obriga de xustificación desta dará lugar ao reintegro parcial da subvención concedida. Cando a execución do indicador mencionado no parágrafo anterior estea comprendido entre o 35 por cento e o 100 por cento, a subvención concedida minórase na porcentaxe que deixase de cumprirse, sempre que os gastos fosen debidamente xustificadas.

Artigo 38. *Infraccións e sancións.*

A obriga de reintegro establecida no artigo 37 entenderase sen prexuízo do previsto no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, no relativo a infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións se concorresen as accións e omisións tipificadas na citada lei.

As infraccións poderán ser cualificadas como leves, graves ou moi graves e implicarán as sancións que en cada caso corresponda de acordo co previsto nos artigos 59 e seguintes da citada lei.

Disposición adicional primeira. *Aplicación doutras fórmulas de financiamento.*

Cando nas accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores desempregados se utilicen outras fórmulas de financiamento a que se refire o artigo 23.3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, serán de aplicación, en todo caso, os principios de publicidade e concorrencia, os módulos económicos máximos establecidos nesta orde e as disposicións sobre avaliación, calidade, seguimento e control establecidas no capítulo V.

Disposición adicional segunda. *Órgano colexiado.*

No ámbito de xestión da Administración xeral do Estado, o órgano colexiado previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, terá a mesma composición que a Comisión Permanente do Padroado da Fundación Tripartita para a Formación no Emprego, ou ben a mesma que a Comisión Executiva Provincial do Servizo Público de Emprego Estatal no suposto previsto no artigo 18.1.a) desta orde.

Disposición adicional terceira. *Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.*

De conformidade co previsto na disposición adicional quinta da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, a Fundación Tripartita para a Formación no Emprego actuará como entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego Estatal na xestión das convocatorias de subvencións públicas que realice ese organismo en desenvolvemento do previsto nesta orde. A Fundación Tripartita colaborará na instrución dos procedementos e na elaboración das propostas relativas á resolución e xustificación das subvencións, correspondéndolle ao Servizo Público de Emprego Estatal as competencias de concesión e pagamento das subvencións. Así mesmo, a Fundación Tripartita para a Formación no Emprego terá a condición de entidade encargada do tratamento dos datos incluídos nos ficheiros de titularidade do Servizo Público de Emprego Estatal que resulten das actuacións de colaboración descritas anteriormente.

Para estes efectos, ambas as entidades subscribirán o correspondente convenio de colaboración de acordo co establecido nos artigos 12 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Disposición adicional cuarta. *Aplicación e actualización das contías e módulos económicos previstos nesta orde.*

As contías relativas ás compensacións económicas, axudas e bolsas previstas no capítulo III, así como os importes e módulos económicos máximos establecidos no anexo I, aplicaranse ás convocatorias e programacións aprobadas con posterioridade á publicación desta orde.

As contías e módulos económicos mencionados no parágrafo anterior actualizaranse mediante resolución do director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición adicional quinta. *Financiamento da formación impartida en centros propios ou mediante convenios ou acordos con entidades ou empresas públicas.*

Serán obxecto de financiamento ao abeiro do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, e desta orde a formación de oferta programada e impartida polas administracións públicas competentes a través dos seus centros propios, previstos no artigo 9.1.a) do citado real decreto, ou mediante convenios ou acordos con entidades ou empresas públicas que poidan impartir a formación.

En particular, as citadas administracións garantirán-lles aos centros integrados de formación profesional, de titularidade pública, o financiamento necesario para cubrir suficientemente a oferta formativa dos certificados de profesionalidade correspondentes ás familias ou áreas profesionais da súa especialidade.

Disposición adicional sexta. *Anticipo do pagamento da subvención.*

Respecto dos plans de formación dirixidos prioritariamente aos traballadores ocupados, no ámbito de xestión da Administración xeral do Estado non será de aplicación o disposto na Orde TAS/1622/2002, do 13 de xuño, pola que se determina a forma de garantir os anticipos de pagamento de subvencións concedidas polo Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición adicional sétima. *Rexistro de convenios para a execución de plans de formación.*

Sen prexuízo dos rexistros que poidan establecer as administracións competentes nos seus respectivos ámbitos de xestión, os convenios subscritos para a execución dos plans de formación regulados na sección 2.^a do capítulo II desta orde, tanto estatais como autonómicos, inscribíranse nun rexistro que, para tal efecto, creará o Servizo Público de Emprego Estatal co apoio técnico da Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.

Disposición transitoria primeira. *Rexistros de centros e entidades de formación.*

1. A partir da entrada en vigor desta orde, o Rexistro Estatal de Centros e Entidades de Formación estará constituído cos centros, a estrutura e situacións vixentes incluídos no Censo Nacional de Centros Colaboradores do Servizo Público de Emprego Estatal, así como dos

centros propios das administracións públicas competentes.

Para efectos de manter permanentemente actualizado o Rexistro Estatal de Centros e Entidades de Formación, as comunidades autónomas comunicaranlle ao Servizo Público de Emprego Estatal as altas, as baixas e modificacións que se produzan nos seus rexistros.

2. Todos os centros ou entidades de formación que impartan accións formativas dos plans dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados e non estean inscritos no Rexistro Estatal de Centros e Entidades de Formación de conformidade co número anterior, disporán dun ano a partir da entrada en vigor desta orde ministerial para solicitar a súa inclusión neste.

3. Os centros acreditados para impartir certificados de profesionalidade vinculados ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluíranse no mencionado rexistro tendo en conta os requisitos exixidos no artigo 30.1 desta orde e na normativa reguladora dos citados certificados.

Disposición transitoria segunda. *Mapa sectorial.*

De conformidade co previsto na disposición transitoria segunda do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, mentres non sexa aprobado o mapa sectorial a que se refire a citada disposición, as propostas conxuntas que agrupen varios sectores de actividade tomarán como punto de referencia a clasificación de sectores afíns que figura no anexo IV. As referidas propostas poderanse dirixir a todos os traballadores pertencentes aos sectores afíns agrupados en cada proposta.

Disposición transitoria terceira. *Incorporación de accións formativas vinculadas ao Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais.*

Para efectos de impartición da formación de oferta regulada nesta orde, e mentres non se aproben os correspondentes certificados de profesionalidade de acordo co real decreto que os regule, as administracións públicas competentes e as comisións paritarias sectoriais poderán incluír nas súas programacións e plans de referencia, respectivamente, os módulos formativos vinculados ao Catálogo Nacional das Cualificacións.

Para os plans previstos no artigo 2.1.a) e cando eses módulos superen as 90 horas, estes poderanse subdividir en unidades formativas de menor duración segundo os criterios que establezan, se é o caso, as comisións paritarias sectoriais nos seus plans de referencia.

Para os efectos de acreditar as accións formativas descritas nesta disposición, observarase o regulado no artigo 11.2 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio dos procedementos.*

Os procedementos de concesión de subvencións en materia de formación de oferta iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta orde rexeranse pola normativa anterior que lles sexa de aplicación.

Cando a execución da actividade formativa teña carácter pluriannual, o establecido no parágrafo anterior será de aplicación á primeira e, se é o caso, ás sucesivas convocatorias que se publiquen para o efecto.

Nos programas públicos de emprego e formación de escolas obradoiro e casas de oficios, a contía da bolsa establecida no anexo III aplicaráselles aos alumnos dos proxectos de escolas obradoiro e casas de oficios que se inicien a partir da entrada en vigor desta orde. As bolsas de alum-

nos participantes en proxectos xa iniciados nesa data continuarán rexéndose pola contía establecida na normativa aplicable na data de inicio dos citados proxectos.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Queda derogada a Orde TAS/2388/2007, do 2 de agosto, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas ao seu financiamento, no ámbito da Administración xeral do Estado, así como as disposicións que a desenvolvan.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Esta orde dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. Normativa aplicable.

En todo o non previsto nesta orde serán de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento dela; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, o Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional, e calquera outra disposición normativa aplicable por razón da materia.

Disposición derradeira terceira. Facultades de aplicación.

O director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal e os órganos competentes das administracións autonómicas poderán ditar, nos seus respectivos ámbitos competenciais, as disposicións que sexan necesarias para a aplicación desta orde. Así mesmo, no ámbito estatal facúltase o director xeral da Economía Social, do Traballo Autónomo e do Fondo Social Europeo para ditar as disposicións necesarias para fixar as condicións, requisitos e formas de acreditación da representatividade e implantación dos solicitantes de plans intersectoriais para a economía social e para traballadores autónomos.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de marzo de 2008.–O ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera Sánchez-Capitán.

ANEXO I

Importes e módulos económicos máximos

1. Os módulos económicos máximos (custo por participante e hora de formación) aplicables para efectos da determinación e xustificación das subvencións desti-

nadas ao financiamento da formación de oferta serán os que a continuación se establecen en función da modalidade de impartición e o nivel da formación:

Modalidade de impartición	Nivel de formación	
	Básico	Superior
Presencial	9 €	13 €
Teleformación	7,5 €	
A distancia convencional	5,5 €	
Mixta	Aplicaranse os módulos anteriores en función das horas de formación presencial e a distancia convencional ou teleformación que teña a acción formativa.	

Na modalidade de impartición presencial, o módulo de «nivel básico», que capacita para desenvolver competencias e cualificacións básicas, aplicarase cando se vaia impartir formación en materias transversais ou xenéricas, mentres que o módulo de «nivel superior» se aplicará cando a formación incorpore materias que impliquen especialización ou capacite para desenvolver competencias de programación ou dirección.

A formación de carácter transversal a que fai referencia o artigo 6.2 cando acompañe unha acción de formación que sexa específica valorarase de acordo co módulo económico desta última.

2. Respecto das actuacións de avaliación e control da calidade da formación a que fai referencia o artigo 33.5, o beneficiario deberá destinar a esta finalidade ata un 5 por cento da subvención que lle fose concedida para a execución da actividade formativa.

3. As administracións públicas competentes poderán incrementar ata nun 50 por cento o módulo económico superior da modalidade presencial, en función da singularidade de determinadas accións formativas que pola súa especialidade e características técnicas precisen dun financiamento maior.

O custo do conxunto das accións a que fai referencia o parágrafo anterior non poderá superar o 5 por cento do total dos fondos destinados ao financiamento da oferta de formación profesional para o emprego.

ANEXO II

Custos financiáveis e criterios de imputación

1. Custos directos da actividade formativa:

a) As retribucións dos formadores internos e externos, nas cales se poderán incluír salarios, seguros sociais, axudas de custo e gastos de locomoción e, en xeral, todos os custos imputables aos formadores no exercicio das actividades de preparación, impartición, titoría e avaliación aos participantes das accións formativas.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por horas dedicadas á actividade que se imputen.

b) Os gastos de amortización de equipamentos didácticos e plataformas tecnolóxicas, calculados con criterios de amortización aceptados nas normas de contabilidade, así como o alugamento ou arrendamento financeiro destes, excluídos os seus xuros, soportados na execución das accións formativas.

Estes gastos deberanse presentar debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo número de participantes no caso de uso individual dos equipos ou plataformas; noutro caso, imputaranse por horas de utilización.

c) Gastos de medios didácticos e/ou adquisición de materiais didácticos, así como os gastos en bens consumibles utilizados na realización das accións formativas, incluíndo o material de protección e seguranza. Así mesmo, no caso da teleformación, os custos imputables aos medios de comunicación utilizados entre formadores e participantes.

Estes gastos deberanse presentar debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo número de participantes no caso de uso individual dos equipamentos ou plataformas; noutro caso, imputaranse por horas de utilización.

d) Os gastos de alugamento, arrendamento financeiro, excluídos os seus xuros, ou amortización das aulas, talleres e demais superficies utilizadas no desenvolvemento da formación.

Estes gastos deberanse presentar debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo período de duración da acción.

Os gastos de amortización calcularanse segundo normas de contabilidade xeralmente aceptadas; será aplicable o método de amortización segundo as táboas aprobadas polo Regulamento do imposto de sociedades.

e) Gastos de seguro de accidentes dos participantes.

Estes gastos deberán presentarse desagregados por acción formativa e a súa imputación farase polo número de participantes.

f) Gastos de transporte, manutención e aloxamento para os traballadores ocupados que participen nas accións formativas, cos límites fixados na Orde EHA/3771/2005, do 2 de decembro, pola que se revisa a contía dos gastos de locomoción e das axudas de custo no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e a súa imputación farase polo número de participantes.

g) Os gastos de publicidade para a organización e difusión das accións formativas.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa.

2. Custos asociados da actividade formativa:

a) Os custos de persoal de apoio tanto interno como externo e todos os necesarios para a xestión e execución da actividade formativa.

b) Os gastos financeiros directamente relacionados coa actividade subvencionada e que resulten indispensables para a adecuada preparación ou execución desta. Non serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

c) Outros custos: luz, auga, calefacción, mensaxaría, correo, limpeza, vixilancia e outros custos, non especificados anteriormente, asociados á execución da actividade formativa.

De conformidade co artigo 31, número 9, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, estes custos deberán ser imputados polo beneficiario á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

A suma dos custos asociados non poderá superar o 20 por cento dos custos da actividade formativa.

Para os efectos do establecido neste número, nos plans de formación dirixidos prioritariamente aos traballadores ocupados estes custos asociados entenderanse referidos ao plan no seu conxunto, con exclusión dos custos previstos no número 3 deste anexo.

3. Outros custos subvencionables:

a) Os custos de avaliación e control da calidade da formación, segundo o previsto no artigo 33.5 e no número 2 do anexo I.

b) No caso de que a conta xustificativa se realice con informe auditor de acordo co previsto no artigo 74 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, os gastos derivados da realización dese informe serán subvencionables; na convocatoria establecerase un financiamento adicional só para o suposto de que o citado informe sexa preceptivo para o beneficiario.

As convocatorias establecerán os termos e condicións para a realización, imputación e xustificación destes custos.

4. As administracións públicas competentes poderán establecer un custo mínimo financiable para cada un ou algún dos gastos previstos no número 1 deste anexo.

5. En todo caso, os custos subvencionables previstos neste anexo deben responder a custos reais, efectivamente realizados, pagados e xustificados mediante facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente.

ANEXO III

Contía das bolsas e axudas

1. A bolsa prevista no artigo 25 terá unha contía máxima de 9 euros por día de asistencia.

A citada contía poderá incrementarse ata nun 50% cando os destinatarios das bolsas pertencen a colectivos con maiores dificultades de inserción e participen nos programas específicos de itinerarios de formación profesional personalizados.

2. As axudas previstas no artigo 26 terán as seguintes contías:

a) A axuda en concepto de transporte público urbano terá unha contía máxima de 1,5 euros por día de asistencia.

b) A axuda en concepto de transporte en vehículo propio terá unha contía máxima por día de asistencia de 0,19 euros por quilómetro.

c) A axuda en concepto de manutención terá unha contía máxima de 12,00 euros/día lectivo.

d) A axuda en concepto de aloxamento e manutención terá unha contía de ata 80,00 euros/día natural. Neste suposto, o alumno terá dereito aos billetes de transporte en clase económica dos desprazamentos inicial e final.

e) Os traballadores desempregados que participen en accións formativas transnacionais e/ou en prácticas profesionais que se desenvolvan noutros países terán dereito á percepción dunha axuda en concepto de aloxamento e manutención de ata 158,40 euros/día natural. Percibirán, ademais, o importe do billete inicial e final en clase económica.

3. A contía da axuda á conciliación prevista no artigo 27 ascenderá ao 75 por cento do IPREM diario por día de asistencia.

ANEXO IV

Clasificación de sectores afíns

Agrupación de sectores afíns	Sector	Agrupación de sectores afíns	Sector
Actividades físico-deportivas.	Deporte profesional (baloncesto; balonmán; ciclismo; fútbol profesional divisións 1. ^a e 2. ^a A e fútbol profesional 2. ^a División A). Instalacións deportivas.	Finanzas e seguros.	Banca (2). Caixas de aforro. Cooperativas de crédito. Entidades aseguradoras, reaseguradoras e mutuas de accidentes de traballo. Establecementos financeiros de crédito.
Administración.	Axencias de alfándegas. Despachos de técnicos tributarios e asesores fiscais. Xestión e mediación inmobiliaria. Xestorías administrativas. Oficinas e despachos (oficinas de cámaras, colexios, asociacións, federacións e institucións; despachos profesionais; corredores de comercio; notarías; axentes de cambio e bolsa; oficinas e despachos en xeral; mercado de valores). Rexistradores da propiedade e mercantís.	Frío industrial. Hostalaría e turismo.	Mediación en seguros privados. Frío industrial. Axencias de viaxes. Alugamento de vehículos con e sen condutor. Empresas organizadoras do xogo do bingo (3). Hostalaría.
Agrarias.	Granxas avícolas e outros animais. Xardinaría. Produción, manipulación e envasado para o comercio e exportación de cítricos, froitas, hortalizas, flores e plantas vivas.	Imaxe persoal.	Perrucarías, institutos de beleza, ximnasia e similares.
Auga.	Sector agrario, forestal e pecuario. Industrias de captación, elevación, conducción, tratamento, depuración e distribución de auga.	Imaxe e son.	Empresas de publicidade. Exhibición cinematográfica. Industrias fotográficas. Produción audiovisual. Conservas vexetais. Elaboradores de produtos cociñados para a súa venda a domicilio. Industrias cárnicas. Industrias de alimentación e bebidas (6). Matadoiros de aves coellos.
Artes gráficas.	Artes gráficas, manipulacións de papel e cartón, editoriais e industrias afíns. Prensa diaria. Prensa non diaria.	Industrias alimentarias.	Minaría. Concesionarias de cable de fibra óptica. Empresas operadoras de servizos de telecomunicacións.
Comercio e marketing.	Aparcadoiros. Comercio. Delegacións comerciais do ente público empresarial Lotarías e Apostas do Estado. Estacións de servizo. Grandes almacéns. Telemarketing.	Industrias extractivas. Informática e comunicacións.	Cortiza. Madeira. Residuos sólidos urbanos e limpeza viaria. Mantemento e conservación de instalacións acuáticas. Recuperación de residuos e materias primas secundarias.
Edificación e obra civil.	Construción. Derivados do cemento. Empresas produtoras de cementos. Ferralla. Xesos, escaiolas, cales e os seus prefabricados.	Madeira, moble e cortiza. Ambiente.	Metal. Pesca e acuicultura. Industrias químicas. Pastas, papel e cartón. Perfumaría e afíns. Oficinas de farmacia. Sanidade. Transporte de enfermos e accidentados en ambulancia.
Educación.	Autoescolas. Centros de asistencia e educación infantil. Centros de educación universitaria e investigación. Centros e servizos de atención a persoas con discapacidade. Colexios maiores universitarios. Empresas de ensino privado sostidos, total ou parcialmente, con fondos públicos. Enseno privado.	Metal. Pesqueira. Química.	Sanidade. Seguranza. Seguranza privada. Limpeza de edificios e locais. Mantemento de cabinas soporte e teléfonos de uso público. Servizos diversos (empregados de predios urbanos; servizos funerarios; tinturarias e lavandarias; xestión de salas de espectáculos e actividades recreativas) (4) (5) (11).
Energía.	Sector da industria eléctrica (1) (7). Axencias distribuidoras de gases licuados.	Servizos ás empresas.	Empresas consultoras de planificación, organización de empresas e contable. Empresas de enxeñaría e oficinas de estudos técnicos. Empresas de traballo temporal.

Agrupación de sectores afíns	Sector
Servizos sociais.	Acción e intervención social. Servizo de atención a persoas dependentes e desenvolvemento da promoción da autonomía persoal.
Téxtil, confección e pel.	Curtido. Fabricación do calzado artesán manual e ortopedia e á medida e talleres de reparación e conservación do calzado usado e duplicado de chaves. Industria de calzado. Industrias de formas, tacóns, pisos e solas intermedias. Marroquinaría, repuxados e similares.
Transportes.	Téxtil e da confección. Actividades anexas ao transporte (transitarios e consignatarios). Amarradores. Entrega domiciliaria (10). Estiba e desestiba. Guindastres móbiles autopropulsados. Mariña mercante. Portos do Estado e autoridades portuarias. Remolcadores portuarios Transporte de viaxeiros por estrada (8) (9). Transporte aéreo. Transportes de mercadorías por estrada (8) (9).
Vidro e cerámica.	Fabricación de azulexos, pavimentos e baldosas cerámicas e afíns. Industrias extractivas, industrias do vidro, industrias da cerámica e o comercio exclusivista dos mesmos materiais. Tellas e ladrillos.

NOTA.—Para garantir a formación dos traballadores dos sectores de actividade onde non existe negociación colectiva sectorial, de conformidade co artigo 24 2.b) do RD 395/2007, do 23 de marzo, os citados traballadores poderán participar nos plans sectoriais a que se vinculan segundo as notas que se inclúen a continuación, sen que iso supoña un incremento da poboación ocupada.

(1) Extracción de crus de petróleo e gas natural; actividades dos servizos relacionados coas explotacións petrolíferas e de gas; coquerías; refinación de petróleo; produción de gas e vapor de auga quente.

(2) Outras entidades financeiras.

(3) Casinos e salas de xogos de azar.

(4) Actividades de servizos auxiliares.

(5) Actividades do servizo doméstico.

(6) Industria do tabaco.

(7) Enerxías renovables.

(8) Transporte por ferrocarril e outros tipos de transporte regular (teleférico, funicular e cremalleira).

(9) Autoestradas de peaxe e outras vías de peaxe.

(10) Actividades postais e de correos.

(11) Parques temáticos.

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

5161 *ORDE SCO/719/2008, do 7 de marzo, pola que se modifican os anexos II e III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos. («BOE» 67, do 18-3-2008.)*

O Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, recompilou nun só texto toda a normativa existente sobre esta materia, adaptándose á lexislación comunitaria. As ordes do 4 de xuño de 1998, do 26 de abril de 1999, do 3 de agosto de 2000, e as ordes SCO/249/2003, SCO/1448/2003, SCO/2592/2004, SCO/3664/2004, SCO/544/2005, SCO/3691/2005, SCO/747/2006, SCO/1730/2006, SCO/3283/2006, SCO/504/2007, SCO/1929/2007, SCO/2614/2007 e SCO/3089/2007 modificaron os anexos deste real decreto.

Este real decreto foi modificado polo Real decreto 2131/2004, do 29 de outubro, e o Real decreto 209/2005, do 25 de febreiro.

A Directiva 76/768/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de produtos cosméticos, foi obxecto de sucesivas modificacións, as últimas mediante as directivas 2007/53/CE da Comisión, do 29 de agosto de 2007, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, relativa aos produtos cosméticos, co fin de adaptar o seu anexo III ao progreso técnico, 2007/54/CE da Comisión, do 29 de agosto de 2007, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, relativa aos produtos cosméticos, co fin de adaptar os seus anexos II e III ao progreso técnico, e 2007/67/CE da Comisión, do 22 de novembro de 2007, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, relativa aos produtos cosméticos, para adaptar o seu anexo III ao progreso técnico.

Mediante esta disposición traspóñense as ditas directivas ao ordenamento xurídico interno.

Esta orde dítase de acordo coa disposición derradeira primeira do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, pola que se faculta o ministro de Sanidade e Consumo para actualizar os seus anexos ao progreso técnico.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.*

Os anexos II e III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, quedan modificados do seguinte modo:

Un. No anexo II engádense os números de referencia seguintes:

- «1244 1-metil-2,4,5-trihidroxibenceno (n.º CAS 1124-09-0) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1245 2,6-dihidroxí-4-metilpiridina (n.º CAS 4664-16-8) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1246 5-hidroxí-1,4-benzodioxano (n.º CAS 10288-36-5) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1247 3,4-metilendioxfenol (n.º CAS 533-31-3) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1248 3,4-metilendioxfanilina (n.º CAS 14268-66-7) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.